

Informe sobre o financiamento de ONGs



FAGAL

FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA


Financiamento de ONGs

Os datos a continuación presentados pertencen á Asociación Española de Fundraising (AEFr). Esta Asociación é unha organización non lucrativa cuxa misión é o desenvolvemento da filantropía e a captación de fondos en España. A AEFr como organización que aglutina a ONG que desenvolven estratexias e programas de fundraising, mantén un especial interese nos mecanismos de relación con socios e doantes, no estudio do fenómeno da doazón a ONG, e no mellor y maior coñecemento dos doantes.

O Universo obxecto de estudio eran persoas de ambos sexos, maiores de 18 anos residentes en algunha das comunidades autónomas do territorio español. A recollida de información foi a traves de entrevistas on-line no caso de persoas menores de 55 e entrevistas persoais en persoas de 55 anos ou mais.

Os datos mais significativos foron os seguintes:


1. Actualmente colabora con algunha ONG?



O 47,0% da poboación no ano 2010 nunca fixera algún tipo de doazón. Este dato diminuíu en 2 puntos porcentuais no ano 2014. A porcentaxe de persoas que no momento da entrevista non doaban, pero si que o fixera algunha vez diminuíu en 10 puntos porcentuais desde o 2010 hasta o 2014 pasando, de un 33,0% da poboación a un 23,8%. As persoas que non eran doantes pero si tiñan a intención de selo, non sofren a penas variación roldando nos tres anos de estudio o 11,3% da poboación. O dato positivo mais significativo, é o aumento en mais de 10 puntos porcentuais da cantidade de xente que colaboraba no momento da entrevista con algunha ONG pois pasouse dun 9,0% no ano 2010 a un 19,6% no 2014.


2. Número de doantes.

O número de doantes, foi avariando co paso dos anos, producíndose unha pequena diminución entre o ano 2010 e 2012, sendo esta de preto de 60.000 persoas menos. Este dato foi en progresivo aumento hasta o ano 2014, sumando máis de 150.000 persoas doantes en comparación co ano 2012.




3. Achegas económicas.

Aínda que o número de persoas que doan case non varía ó longo dos anos, non o fai así o valor das súas doazóns. Co paso dos anos, aumenta a cantidade de persoas que realizan doazóns hasta 30€, pasando dun 19% da poboación a un 28%. Pese a que o resto das doazóns a penas varían, si o fan a porcentaxe de persoas que dona mais de 250€ ó ano, pois pasa do 21% no ano 2012 a un 8% no ano 2014.




4. Importe medio € ó ano.




Como xa comprobamos no gráfico anterior, importe medio do valor das doazóns foi diminuindo co progreso dos anos, producíndose un descenso de pouco mais de 40€ entre o 2010 e o 2014.

5. Situacións que xeran maior sensibilización.

Segundo o 38% da poboación, a pobreza e a infancia, son as situacións que xeran maior sensibilización entre as persoas que doan. Só un 10% da poboación apoia a dereitos das vítimas, considerando estes como tales: **apoio a asistencia a persoas con discapacidade**, defensa dos dereitos humanos e mobilización, asistencia ás vítimas de guerras e ós refuxiados e protección do medio ambiente e/ou defensa de animais. Dentro de este grupo, debemos dicir, que o 38% da poboación colabora apoiando a asistencia de persoas con discapacidade.



6. Motivacións da doazón.



Distinguíronse tres tipoloxías de doantes en función dos seus motivos para doar.

Máis da metade das persoas que doan, fano por motivos de solidariedade, senten que é xusto e que é a mellor forma de colaborar que teñen. O 23% da poboación ten un perfil máis idealista e colabora baixo o convencemento de que se pode mellorar o mundo e consideran que é a mellor forma de facer o que a administración non fai. Un 21% colabora por satisfacción persoal (sentirse orgulloso e ben consigo mesmo).

7. Perfil sociodemográfico e perfil persoal e de ideas.

En canto o perfil sociodemográfico, podemos dicir, que aínda que non con moita diferenza (54% e 46%) a maioría das persoas doantes son mulleres, dunha idade comprendida entre os 44 anos, con fillos e con estudos universitarios ou superiores.

Un 67% da poboación doante, definiuse como unha persoa de esquerdas, crente (52%) realista (70%) e emocional (53%).

O 90% da poboación afirmaba que reciclaba e o 85% que podería contribuir na conservación do medio ambiente.

8. Perfil tecnolóxico

A gran maioría da poboación estudada (89%) posuía móbil. O 14% gustaríalle recibir información de eventos ou actividades de ONGs por móbil a través de SMS, un 21% a través de Whatsapp e un 49% vía e-mail.


Un 26% faría doazóns a través do móbil e un 36% on-line.

Mais da metade da poboación, o 58% utilizan as webs das ONG para estar en contacto e informarse delas.

9. Que institucións contribúen a paliar/corrixir problemas que afrontan ó mundo?

- Poboación en xeneral
 - Mellor valoradas
 - ONG 59%
 - Organizacións como la ONU 36%
 - A Igrexa 31%
 - Peores valoradas
 - Partidos políticos 94%
 - Los gobiernos 91%
 - Las empresas 90%
- Poboación donante
 - Melloras valoradas
 - ONG 83%
 - A Igrexa 45%
 - Las organizacións internacionais 38%
 - Peores valoradas
 - Los partidos políticos 92%
 - Los gobiernos 91%
 - Las empresas 87%

10. Hasta que punto confía vostede nas ONG?




Segundo os datos proporcionados pola Asociación Española de Fundraising, podemos afirmar que a maioría da poboación confía bastante na Organización á que dirixe as súas doazóns, e que un 1% de esta poboación non confía nada.

En relación a poboación en xeral, a gran parte non confía nin moito nin pouco (41%) sendo mais xente a que confía pouco ou nada (33%) que as que confían moito ou bastante (27%).

11. Esta de acordo en que a información acerca do uso dos fondos que empregan as ONG é transparente?


En relación a poboación en xeral, unha gran parte (33%) non ten unha decisión clara acerca da transparencia dos fondos das ONG. Un 17% non esta nada de acordo con esta transparencia e so un 5% esta moi de acordo en que esta información é correcta.



En canto a poboación doante, estes datos varían pois a gran parte da poboación, está bastante de acordo coa transparencia do uso dos fondos da ONG. A porcentaxe de persoas doantes que non están nada de acordo con esta afirmación descende en 11 puntos porcentuais, representando o 6% fronte o 17% de persoas non doantes.



12. Porcentaxe de poboación que doou a unha ONG no ultimo ano (socios+donantes).



O porcentaxe medio de persoas que doan nun país rolda o 54% da poboación. Preto de este dato está Reino Unido con un 55% e Francia con un 48% da súa poboación. O país que conta con unha maior porcentaxe de persoas que doan a ONGs é Finlandia, seguido de Austria e Suíza, todos cunha porcentaxe superior ó 70%. Pola contra, España encóntrase na última posición en relación a estes países, pois conta con apenas un 20% de poboación que doa a ONGs, 34 puntos porcentuais inferior á media, e 58 puntos porcentuais inferior ó país con maior poboación doante.

Conclusións:

- Mais de 7.500.000 persoas seguen declarando ter colaborado economicamente co terceiro sector durante o último ano (el 19,6% de la poboación) e case a metade destes fano de forma regular. Isto implica que o mercado non se reduciu, é dicir, que o número de persoas que colabora co terceiro sector segue estable. Pero si o fixo en valor, é dicir, na cantidade media que cada un deles pode aportar, que en media diminuíu considerablemente (de 184€ en 2006, antes da crise económica, a 133€ de media por persoa en 2014). Tomando como referencia el estudio realizado en 2006, a caída en valor nestes últimos 8 anos foi do 41%.
- Dada a conxuntura internacional, o que xera maior sensibilización ó donante actual/potencial continua sendo a pobreza e a infancia.
- Os doantes escollen colaborar coa súa ONG pola boa labor que realizan, ademais da confianza que teñen depositada nela. Para toda a poboación, as principais referencias ó territorio colaborativo, ademais das ONG, son as organizacións coma a ONU e incluso a Igrexa, pero en ningún caso as entidades públicas en xeral ou as empresas nin o Goberno. Sen embargo, aínda existe un volume importante de mercado que non confía nas ONG (33% confían pouco ou nada nelas).
- Os españois seguen estando por debaixo da media europea en canto a doazóns. Mentres que en España a porcentaxe de doazóns é do 19,6%, en países como Finlandia ou Austria a porcentaxe de poboación que colabora con ONG supera o 75%.